



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE PALAS DE REI PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE AUTONOMÍA PERSOAL DAS PERSOAS MAIORES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE PARA O EXERCICIO 2024.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2024.

REUNIDOS

Dunha parte:

Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Pablo José Taboada Camoira, en calidade de Alcalde do concello de Palas de Rei, no seu nome e representación, nomeado na sesión do Pleno do 5 de xullo de 2023, con número de Identificación Fiscal P2704000E e enderezo na Av. Compostela 28, 27200 Palas de Rei, (Lugo), en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.



EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Segundo.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores en situación de vulnerabilidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Que con carácter específico, lle corresponde, entre outras, a elaboración das políticas dirixidas ás persoas maiores en situación de vulnerabilidade en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores en situación de vulnerabilidade na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Terceiro.- Que o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, unifica os criterios nos procedementos de concesión, xestión e xustificación das subvencións ás entidades locais galegas para evitar disfuncións



administrativas e inseguridade xurídica e establecer unha serie de mecanismos que teñan como principio inspirador a lealdade institucional nas relacións subvencionais entre a Administración autonómica e as entidades locais.

Cuarto.- De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, letra i), da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- e) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- g) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.



i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.

k) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.

l) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Quinto.- Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da referida Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais comunitarios específicos, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente. Así no seu artigo 64, prevé que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Sen prexuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida (art. 25 do



Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento).

O proxecto e actividades a subvencionar a través deste convenio teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos, tales como:

- A atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.
- A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores da poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

Sexto.- O Concello de Palas de Rei está inscrito como entidade prestadora de servizos sociais co número E-758 no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais, e recoñecido como así se determina no art. 66 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

Sétimo.- O carácter singular que motiva a concesión dunha subvención directa a través do presente convenio, en base ás razóns que acreditan o interese social das actuacións a subvencionar, radica na análise das circunstancias demográficas do concello de Palas de Rei, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior e da poboación en situación de dependencia, que demandará un servizo asistencial.

O Concello de Palas de Rei actualmente conta cunha poboación de 3.316 habitantes, da que 1.241 son persoas maiores de 65 anos o que supón case o 38% da súa poboación.

A realidade socio-demográfica deste concello leva a trazar un marco de atención enfocado no rural galego, onde a prevalencia de persoas maiores é moi acusada e a falta de recursos especializados é manifesta, o que evidencia a necesidade da elaboración dun proxecto polo Concello de Palas de Rei, dirixido a promover a participación activa, loitar contra a



soidade non desexada e eliminar os estereotipos existentes en relación ás persoas maiores en situación de vulnerabilidade usuarias do Centro de Día residentes no dito concello, a través da realización de actividades socioeducativas e de ocio.

O referido proxecto e as actividades que se desenvolvan para levalo a cabo, teñen por finalidade:

- a) Fomentar a súa autonomía.
- b) Fortalecer as relación entre as ditas persoas usuarias do centro.
- c) Mellorar a súa saúde física e psíquica.
- d) Favorecer a súa creatividade e expresión emocional
- e) Previr o seu deterioro cognitivo.

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, radica na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este proxecto que é o Concello de Palas de Rei, como única prestadora de servizos de proximidade que deberán actuar na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.

Sexto.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración para o financiamento de programas e actividades no eido da atención ás persoas maiores e ás persoas en situación de vulnerabilidade usuarias, especialmente no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan



ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é o financiamento, mediante o outorgamento dunha subvención de carácter directo por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, do Proxecto de autonomía persoal das persoas maiores en situación de vulnerabilidade residentes no Concello de Palas de Rei durante o ano 2024.

O proxecto está destinado a manter a estas persoas usuarias do Centro de Día vinculadas co seu medio familiar e social, ofrecer un apoio asistencial, fomentar a autonomía social física e psicolóxica, evitar ou atrasar o ingreso en residencia e, en definitiva, mellorar a súa autonomía persoal.

SEGUNDA. *Actuacións subvencionables*

1. As actividades do Proxecto de autonomía persoal das persoas maiores vaise desenvolver no Centro de Día do Concello de Palas de Rei e divídense en tres áreas: funcional e física, cognitiva e emocional e socializadora, que a continuación se describen:

a) Área funcional e física, encamiñada a restablecer o funcionamento óptimo da persoa e compensar as posibles deficiencias que poida estar a sufrir, mediante a realización de ximnasia de mantemento, cos seguintes obxectivos:



1º. Favorecer o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria.

2º. Axuda a conservar activas funcións cognitivas como atención e memoria.

3º. Diminuír o risco de caída.

4º. Manter, na medida do posible, a autonomía da persoa usuaria do proxecto.

5º. Manter ou conseguir un control de postura axeitado.

b) Área cognitiva e emocional, coa que se pretende manter e mellorar o funcionamento de algunha ou algunhas das capacidades cognitivas superiores: razoamento, memoria, atención, concentración, linguaxe e similares e, das capacidades funcionais da conduta. Tamén manter as habilidades psicosociais necesarias para manter a toma de decisións e o desempeño das actividades da vida diaria, atrasando, na medida do posible, o ritmo de progresión do deterioro cognitivo mediante a realización das seguintes actividades orientadas á:

1º. Estimulación cognitiva na área da linguaxe con tarefas de fluidez verbal, tarefas de evocación semántica, denominación oral de imaxes, denominación escrita de imaxes, debates, lecturas, refraneiros populares.

2º. Estimulación da memoria a través de actividades de recoñecer imaxes previamente aprendidas, exercicios de recordo de palabras vinculadas a un sentimento, un lugar, unha expresión, tarefas de reminiscencia e musicoterapia.

3º. Estimulación do cálculo a través de tarefas de identificación e contar números, tarefas de ordenación, manexo dos cartos.

4º. Psicomotricidade fina a través das actividades viso- construtivas. Escritura, debuxo, ergoterapia (actividades manuais).

c) Área socializadora, coa que se pretende favorecer a motivación e participación das persoas usuarias integrándoas no contexto dunha actividade lúdica, grupal e creativa. Ademais, permite traballar a nivel manipulativo distintas habilidades e capacidades físicas e cognitivas das persoas usuarias a través da:



1º. Ergoterapia, co desenvolvemento de actividades lúdicas, grupais e creativas que se levarán a cabo a fundamentalmente a través da realización de actividades manuais: creación de mandalas, obradoiros de cociña.

2º. Ludoterapia, a través do xogo co que se pretende fortalecer a comunicación e as relacións sociais entre as persoas usuarias aos efectos de potenciar a súa capacidade creativa, a súa expresión, a resolución de conflitos e a súa seguridade.

3º. Video-Forum, coa proxección de películas, documentais e series nacionais, ao final da xornada de cada venres para potenciar as capacidades cognitivas, de atención e concentración e estimulación da mente.

4º. Risoterapia a través de xogos de imitacións, mímica, bailes e conversas que potencian a empatía e relaxación, melloran o sistema inmunolóxico, a circulación, a redución do estrés e a ansiedade e o humor.

TERCEIRA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello de Palas de Rei presentará, con carácter previo á sinatura do convenio, o programa de actividades que conforman o proxecto obxecto da concesión da subvención e, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade local, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de



beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

c) Declaración responsable do cumprimento da obriga establecida no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, en canto ao cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver o Concello de Palas de Rei é de 60.706,66 euros.

Segundo a Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **vinte e cinco mil euros (25.000,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **38.05.312E.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2024.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de natureza corrente efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, son obrigas da entidade beneficiaria:

a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e



cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

c) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedinte, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedinte a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades que conforman o proxecto obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: “subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade”, co seu respectivo logotipo.



i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

j) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

2. Asemade, o Concello de Palas de Rei, en tanto que entidade beneficiaria dunha subvención, estará obrigado a subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. *Compatibilidade con outras subvencións*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

2. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o Concello nas seguintes condicións:



a) Efectuarase un pagamento do 60% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 40% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades a subvencionar a través do convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava da conta xustificativa.

3. Para a tramitación das condicións de pagamento previstas no número anterior, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía, ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

OITAVA. Gastos subvencionables e xustificación

1. Son gastos subvencionables os derivados das actividades do proxecto a subvencionar que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

2. O Concello de Palas de Rei está obrigado a xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade, o cumprimento do proxecto que se subvenciona a través deste do convenio, a realización das actividades que o conforman e o seu custo real mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón



en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Segundo o disposto no artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución deste convenio e dos resultados acadados.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ao proxecto subvencionado, coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen o proxecto con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Asemade, xunto coa conta xustificativa, no caso de opoñerse á súa consulta, deberase achegar declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. En todo caso o prazo da xustificación total da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2024**.



Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de 2024 de nóminas ou que comporten ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, no que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2025.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á percepción da subvención, o que dará lugar á obriga do reintegro do importe desta, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio o Concello de Palas de Rei poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas. Así mesmo queda facultado para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas.

A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto do proxecto a subvencionar, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do dito proxecto. O Concello de Palas de Rei asume a responsabilidade respecto deste persoal.

DÉCIMA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actividades que conforman o proxecto a subvencionar a través deste convenio, dos deberes



contidos nestas cláusulas ou na demais normativa aplicable, así como polas causas de resolución previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do proxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actividades que comprenden o proxecto a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, os gastos das accións englobadas nas actividades descritas no presente convenio que realizase o concello dende o 1 de xaneiro de 2024



tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO SEGUNDA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA. *Información básica de protección de datos persoais.*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación



administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace — <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa

persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA. *Comisión Mixta de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes do Concello de Palas de Rei, designados por cada unha das persoas representantes das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano Colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO QUINTA *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao

ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes.

Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso.

Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

A conselleira

Fabiola García Martínez

Polo Concello de Palas de Rei

Pablo José Taboada Camoira